

## RESOLUCIÓN

**Asunto:** Comisión de Garantía e Avaliación da Eutanasia da Comunidade Autónoma de Galicia

**Procedemento:** Designación suplentes dos membros da Comisión de Garantía e Avaliación da Eutanasia da Comunidade Autónoma de Galicia

## ANTECEDENTES

1. A Lei Orgánica 3/2021, do 24 de marzo, de regulación da eutanasia, regula e despenaliza a eutanasia en determinados supostos que define claramente.

De acordo co artigo 17 desta Lei Orgánica, os gobernos das Comunidades Autónomas deberán crear unha Comisión de Garantía e Avaliación, con natureza de órgano administrativo e de carácter multidisciplinar que debe contar cun número mínimo de sete membros entre os que se incluírán persoal médico, de enfermería e xuristas.

2. Polo Decreto 101/2021, do 8 de xullo, ao abeiro do establecido no artigo 17 da lei orgánica 3/2021, do 24 de marzo, de regulación da eutanasia, crease a Comisión de Garantía e Avaliación da Eutanasia da Comunidade Autónoma de Galicia, e establece que estará formada por unha secretaría e 12 vogalías, correspondéndolle a unha deles exercer a presidencia.
3. No artigo 6.2 do citado decreto establece que os membros da comisión e os seus suplentes serán designados pola persoa titular da dirección xeral competente en materia de asistencia sanitaria do Servizo Galego de Saúde.
4. Por resolución, o 09/07/2021 o director xeral de asistencia sanitaria nomea aos 12 vogais e o 12/07/2021 e constitúese formalmente a comisión.

## RÉXIME XURÍDICO

Será de aplicación o establecido para os órganos colexiados na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, e polo seu regulamento de orde interno.

De acordo con todo o indicado, RESOLVO:

1. Proceder á designación dos suplentes dos vogais da Comisión de Garantía e Avaliación da Eutanasia da Comunidade Autónoma de Galicia:

- En calidade de médico especialista:

Arturo Fraga Bau, Especialista en Neuroloxía. Área Sanitaria de Vigo.

Cristina Pinín García, Especialista en Atención Familia y Comunitaria, Área Sanitaria de Vigo

Martín Lázaro Quintela, Especialista en Oncoloxía Médica, Área Sanitaria de Vigo.

- En calidade de persoal de enfermaría:

Mónica Álvarez Álvarez, Enfermeira asistencial Urgencias 061, Área Sanitaria de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras

- En calidade de xuristas con coñecementos en dereito sanitario ou bioética:

Pablo Nimo Ríos, xefe sección do Servizo técnico Xurídico, Consellería de Sanidade

Santiago de Compostela,

O director xeral de Asistencia Sanitaria  
Jorge Aboal Viñas

